7º.- Nos **casos de inversión** expedirase certificación técnica, que virá necesariamente acompañada de factura. Tales certificacións terán a consideración de visto e prace á que se fai referencia nos parágrafos anteriores.

Artigo 20.-ORDENACIÓN DE PAGOS. PRIORIDADES

1º.- A competencia para a ordenación de pagos está atribuída a Alcaldía ou en persoa en quen delegue

2º.- Soamente ordenaranse pagos, que teñan obrigación previamente recoñecida, agás que o prevea, para determinados supostos, estas bases. A ordenación de pago formal e a súa intervención, realizaranse no correspondente documento contable. A realización material do pago, nos respectivos documentos, en de onde deberá constar o recibín do interesado ou o xustificante da transferencia bancaria.

En todo caso respectarase a orde de prioridades establecida no Plan de disposición de

Artigo 21. -PAGAMENTOS A XUSTIFICAR

Non se poderán expedir ordenes de pago sen a debida xustificación da obrigaón á que se refira. Non obstante, poderanse realizar ordenes de pago a xustificar, segundo as seguintes normas:

- ✗ Efectuarse previamente polo órgano competente a autorización e a disposición da obrigaón, xustificándose as razóns polas que non se poden acompañar os documentos xustificativos.
- ✗ Os pagos a xustificar soamente procederán para gastos dos capítulos 1 (GASTOS DE PERSOAL) capítulo II (GASTOS EN BENS CORRENTES) capítulo IV (Transferencias correntes) do orzamento de gastos. Ademais só se poderá entregar cantidade a xustificar a membros da corporación ou persoal laboral ou funcionario do Concello e cun máximo de 700 euros
- ✗ A xustificación das ordenes de pago a xustificar, realizarase nun prazo máximo de tres meses desde a súa expedición, ou no seu caso antes de que finalice o exercicio orzamentario. As cantidades non xustificadas reintegraranse á Tesourería municipal, a través da instrución do oportuno expediente de alcance.

Soamente poderase expedir ordenes de pago a xustificar cando o preceptor non teña pendente de xustificadas outros gastos, sempre que transcorra o período de tres meses.

Artigo 22.-ANTICIPOS DE CAIXA FIXA

1. - Para as atencións de carácter urxente, periódico ou repetitivo, pódense constituír provisiones de fondos, co carácter de Anticipos de Caixa Fixa, a favor dos Caixeiros, Pagadores ou Habilitados que designe a Alcaldía o por proposta do Tesoureiro. En particular, cos Anticipos de Caixa Fixa poderán atenderse os seguintes gastos:

- a) Os de reparacións, mantemento e conservación (Artigo 21) ou materiais ou subministracións (Artigo 22), sempre que a súa contía individualizada non exceda de 700 euros.
- b) Os de atencións benéficas (Concepto 480).

Os anticipos de caixa fixa rexeranse polo disposto no artigo 73 a 76 do Real Decreto 500/1990 e as seguintes normas:

1º.- As partidas presupostarias dos que seus gastos se poden atender mediante anticipos de caixa fixa son as seguintes sexan as correspondentes de gastos periódicos ou repetitivos tales como material de oficina no inventariable, gastos de correspondencia e transporte, subministro perecedoiros ou de materia, servizos de mantemento de maquinaria, instalacións, edificios, gastos diversos.

2º. - A contía global de todos os anticipos de caixa fixa non poderán superar a contía de 3.000 € Individualmente as cantidades que se perciban neste concepto non poderán ser superiores a 1.000 €

3º.- **Réxime de reposición:** As ordenes de pago de reposición de fondos deberán ser aplicadas as partidas presupostarias que correspondas as cantidades xustificadas, non podendo superar o importe destas xustificacións.

4º.- **Situación e disposición de fondos:** Os fondos estarán depositados nunha conta bancaria a nome do concello habilitando o seu manexo cunha soa sinatura os habilitados que se determine na resolución da alcaldía. Nesta conta bancaria será restrinxida en materia de ingresos, dado que unicamente poderá recibir ingresos de transferencias doutras contas do concello. Os fondos desta conta terán carácter de fondos públicos e os seus intereses ingresaranse no capítulo 5 do presuposto municipal.

5º.- **Contabilidade e control:** Os perceptores do anticipo levarán unha contabilidade das cantidades percibidas e xustificadas, debendo render as contas destes anticipos ante a intervención municipal, cunha periodicidade trimestral, e sempre antes do 16 de decembro de cada ano. A contabilidade destes anticipos realizase seguindo a instrución de contabilidade da administración local.

Artigo 23.- GASTOS DE CARÁCTER PLURIANUAL

A realización de gastos de carácter plurianual deberán adecuarse o disposto no artigo 174 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e o disposto no Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.

CAPÍTULO II.- PROCEDEMENTO A SEGUIR PARA DETERMINADOS GASTOS

Artigo 24.- INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVICIO

Os cargos electivos deste Concello recibirán as dietas e indemnizacións conforme ó establecido no Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, referidos ós altos cargos

1º.- Por asistencia a sesións do Pleno, a sesións de comisións informativas os membros da corporación que no teñan dedicación exclusiva ou parcial, recibirán a cantidade de 75 euros por cada sesión á que asistan. Por asistencia as mesas de contratación, recibirán a cantidade de 75 euros por cada sesión que asistan cun máximo de unha por expediente de contratación.

No que se refire a dereitos por asistencias a sesións de órganos colexiados, en caso de celebrarse unha ou máis sesións do mesmo órgano no mesmo día, soamente poderán percibirse dereitos por unha delas, satisfacéndose, neste caso, a de maior contía. Non se percibirán dereitos por asistencia a sesións do Pleno ou calquera outro órgano colexiado o único punto da Orde do Día do cal se refira a pronunciamentos ou declaracións singulares sobre calquera acontecemento de carácter institucional ou que teñan por obxecto unicamente a aprobación da acta ou actas de sesións anteriores dese mesmo órgano colexiado.

Estas dietas e indemnizacións no terán en ningún caso carácter de retribución e imputaranse á partida 9.230, segundo corresponda.

2º.- Os funcionarios e demais persoal do concello recibirán as dietas e indemnizacións por desprazamento nas cantidades e requisitos establecidos no Real Decreto 462/2002 de 24 de maio sobre indemnizacións por razón do servizo así como os gastos de aparcamento que sexan necesarios

para o desprazamento ou comisión de servizo debidamente xustificado.

3º.- Co gallo de facilitar a labor e actividades dos grupos políticos municipais e atendendo o disposto no paragrafo terceiro do artigo 73 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases de réxime local procedese a:

1. Asignar os grupos políticos municipais de Cerdido, unha asignación económica mensual, cun compoñente fixo de 10 euros por grupo político e 10 euros por concelleiro ,con cargo á aplicación 912.489.

O pago destas cantidades non pode ser destinado á remuneracións de persoal de calquera tipo ó servizo do Concello ou a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos da carácter patrimonial. Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específicas da dotación a que se refire este acordo, que porán a disposición do Pleno do concello sempre que este así o solicite. O pago destas cantidades realizarse con carácter semestral os derradeiros dez días dos meses de xuño e decembro e será ingresado no número da conta bancaria que os portavoces do grupo designen e tras unha declaración responsable de que as cantidades serán realmente gastadas nas finalidades que establece a lei .

Artigo 25.-SUBVENCIONES

1º.- As subvencións outorgaranse por acordo de Pleno cando teñan carácter plurianual ou a súa contía supere o 10% dos recursos ordinarios derivados da última liquidación aprobada, será competente a Alcaldía nos demais supostos, plasmaranse no documento contable ADO, sendo o soporte do mesmo o certificado do acordo.

2º.- As subvencións que se outorguen, rexeranse pola ordenanza municipal reguladora de concesión de subvencións publicada no BOP 25-5-2005

3º.- O outorgamento da subvención e a súa xustificación deberá acomodarse o disposto a ordenanza xeral de subvencións do concello de Cerdido e a Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e o Regulamento xeral de Subvencións aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo así como as disposicións aplicables da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

4º.- As axudas dadas dentro do programa de emerxencia social, bastará para a súa xustificación a tramitación do oportuno expediente administrativo, de onde deberá figurar o informe social de cada acción así como o acordo do órgano competente aprobándoa, A acreditación xustificativa do gasto realizarase por un informe dos servizos sociais do concello que xustifiquen a aplicación da subvención.

5º .- Terán carácter de subvención nominativas as que se relacionan deseguido, o seu carácter nominativo ven determinado pola imposibilidade de promover a concorrencia de beneficiados dada a existencia no termino municipal dunha única entidade ou persoa que promova os fin que o concello pretende fomentar coa concesión destas subvencións, tales como a promoción das festas de cada parroquia e a festa da Malla, a promoción cultural no colexio e no IES, fomento e ensinanza

do fútbol e a práctica do dominó ,o fomento do baile e música tradicional ou o canto coral, así como a promoción da muller nos ámbitos social, laboral e cultural e o apoio a labor de prevención dos incendios forestais no termo municipal .

Nome persoa/entidade beneficiada	Actividade a fomentar	Importe anual
Asociación CEBARCA	Fomento das actividades deportivas	2.000,00 €
Colexio público de A Barqueira	Fomento actividades extra escolares e excursión fin de curso	800,00 €
APA Os Carrís do CEIP A Barqueira	Fomento actividades no entorno escolar	1.000,00 €
I.E.S. Punta Candieira de Cedeira	Fomento actividades culturais, educativas e de ocio	200,00 €
Comisión de festas de Cerdido,	Fomento das festas parroquiais	600,00 €
Comision de festas da Barqueira	Fomento das festas parroquiais	600,00 €
Comision de festas dos Casás	Fomento das festas parroquiais	600,00 €
Asociación PROMACER	Fomento da labor do control e prevención de incendios	700,00 €
Asociación Airiños dos Carrís	Fomento do baile e música tradicional	1.000,00 €
Asociación Reparacións Maquinaria Antiga de Os Casas	Fomento da Festa da Malla e restauracións	600,00 €
Asociación de Mulleres Rurais Albar Quercus	Promoción da muller rural nos ámbitos laboral, social e cultural	1.000,00 €
Asociación Recreativa Deportiva DOMINÓ CVM.	Fomento das actividades deportivas	300,00 €
Escola de fútbol Irmandiños	Fomento das actividades deportivas	2.500,00
Sociedade de caza Eixil	Fomento das actividades deportivas	1.500,00

A simple consignación nominal de subvencións nos créditos do estado de gastos do orzamento e nas súas bases de execución non constitúe unha obrigaición de carácter inmediato para a entidade local. Deberá iniciarse un procedemento de concesión e xustificación da subvención correspondente .

Artigo 26.- CONSTITUCIÓN DE FIANZAS

Se o Concello de Cerdido estivera obrigado a constituír algunha fianza, a operación contable terá o carácter de non orzamentaria.

CAPÍTULO III.- GASTOS DE INVERSIÓN

Artigo 27.- GASTOS DE INVERSIÓN

Os gastos de inversión requirirán expediente administrativo previo, de onde se incorpore a documentación á que fai referencia a Lei 9/2017 de contratos do sector público

Artigo 28.- CONTRATOS MENORES DE OBRAS

Terán esta consideración tódolos contratos de obras que teñan un importe non superior a un límite máximo establecido na Lei 9/2017 de contratos do sector público Nestes expedientes só será necesario a presentación dun orzamento técnico de obras , podéndose realizar as adxudicacións sen necesidade de publicidade nin de concorrencia de ofertas, podendo o órgano xestor conferir o gasto

cun único empresario, valendo a factura como documento contractual, sempre que se cumpran todos os requisitos establecidos no artigo 118 da Lei 9/2017.

Artigo 28 bis. FACTURACIÓN ELECTRÓNICA.

Coa entrada en vigor da Lei 25/2013 do 27 de decembro, de impulso da facturación electrónica que establece a obriga de presentación de facturas electrónicas, o punto de entrada de facturas electrónicas do Concello de Cerdido será o establecido pola Administración Xeral do Estado (FACE). <https://face.gob.es/#/es>.

Estan obrigadas a presentación de facturación electrónica :

- a) Sociedades anónimas;
- b) Sociedades de responsabilidade limitada;
- c) Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española;
- d) Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria;
- e) Unións temporais de empresas;
- f) Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de Pensións, Fondo de capital risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulación hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

TÍTULO IV.- DOS INGRESOS

CAPÍTULO 1.- A TESOURERÍA

Artigo 29.- A TESOURERÍA

1º.- Integran a tesourería todos os recursos financeiros do Concello de Cerdido, tanto por operacións orzamentarias coma non orzamentarias. A tesourería rexese polo principio de caixa única e pola non afección dos recursos, sen excepción algunha.

2º.- A xestión dos recursos levarase baixo o principio de máxima rendibilidade, asegurando, en todo caso a máxima liquidez, para o cumprimento das obrigacións recoñecidas, conforme o disposto no artigo 180,2 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. En aras do principio de rendibilidade, a tesourería poderán facer fronte pagos, antes do período de vencemento previsto, sempre que se dean as seguintes características:

- Que exista excedente de caixa
- Que o contratista realiza o desconto correspondente por pronto pago.

3º.- Non se poderá realizar pagamento ningún pola Tesouraría ou dar saída aos fondos ou valores, sen o oportuno documento expedido polo Ordenador de Pagamentos e fiscalizado polo Interventor e

con atención ás prioridades establecidas legalmente e o Plan de Disposición de Fondos. Os documentos necesarios para dispoñer fondos de contas correntes serán asinados conxuntamente polo Alcalde, ou Concelleiro en que delegue, o Interventor e o Tesoureiro.

4º. - Establécese como medio habitual de pagamento deste Concello o de Transferencia Bancaria, salvo cando iso se desaconselle polo reducido importe dos pagamentos, estimado discrecional e libremente polo Sr. Tesoureiro, en que o pagamento se realizará mediante a utilización de talón bancario nominativo ou diñeiro en metálico, aínda que, neste último caso, só poderán materializarse en efectivo, como norma xeral, aqueles gastos menores cuxa contía non supere o importe de 500 euros ou excepcionalmente os gastos, sen límite económico, considerados como urxentes e previa informe motivado do Tesoureiro. Naqueles casos en que o pagamento se realice pola modalidade de Transferencia a través de medios telemáticos instalados nas dependencias municipais da Tesouraría, a responsabilidade dos craveiros quedará concretada a partir do momento en que se produza efectivamente a sinatura do correspondente documento xustificativo

Artigo 30 . Transmisión de dereitos de cobramento

1. Os contratistas que ostenten un dereito de cobramento fronte a esta Administración, en virtude do disposto na Lei 9/2017 de contratos do sector público, poderán ceder o mesmo conforme ao procedemento regulado no presente artigo.

2. O acredor interesado ou o seu representante debidamente acreditado, deberá presentar os documentos orixinais acreditativos do dereito de cobramento (facturas ou certificacións de obra) cumpridos do seguinte xeito:

- Na factura/certificación, consignarase claramente a vontade do acredor de cesión do crédito, identificándose debidamente a factura/certificación e importe que é obxecto de cesión, así como os datos necesarios para a súa realización, especialmente nome do cesionario, NIF e conta na que debe realizarse o pagamento.
- No anverso da factura/certificación, deberá consignarse claramente a lenda "Para a Cesión do Dereito de Cobro, co obxecto de garantir a toma en consideración da cesión comunicada.
- A cesión do crédito deberá ser expresada por persoa con capacidade ou poder abondo para iso, entendendo no caso de persoas físicas que a cesión se realizará polo empresario/profesional titular, e no caso de persoas xurídicas, deberá acompañarse verificación que acredite a capacidade suficiente para a cesión do crédito.

3. Á vista da factura/certificación presentada, a oficina xestora tramitará o expediente conforme ao procedemento habitual para o recoñecemento de obrigas, debendo consignarse expresamente na resolución que conclúa o expediente a lenda "Para a Cesión do Dereito de Cobro. Unha vez fiscalizada e intervida de conformidade a factura/certificación obxecto de cesión, procederase á toma de razón por parte da Intervención e á emisión, se é o caso, dos correspondentes documentos contables para efectuar o pagamento a favor do cesionario.

4. En ningún caso se tomará razón dunha cesión de dereito de cobramento cando á data de entrada da correspondente documentación xa sexa ordenado o pagamento. Así mesmo, non poderá revogarse cesión de crédito ningunha salvo que tal revogación sexa expresamente aceptada polo cesionario, o que deberá acreditarse de modo fidedigno ante esta Administración, e sexa igualmente

admitida polo Concello, que se reserva o dereito ao seu rexeitamento en función do estado de tramitación da cesión inicial.

5. A transmisión de dereitos de cobramento derivada dun contrato de factoring suscrito entre o interesado e unha Entidade Financeira, e con independencia da eventual manifestación favorable ou toma de coñecemento que poida comunicarse pola correspondente oficina xestora deste Concello ao contratista, non terá efectos contables e/ou de toma de razón por parte da Intervención ata que non se xere obriga a favor do contratista, sendo o procedemento esencialmente idéntico ao regulado nos parágrafos anteriores.

Artigo 31: OPERACIÓNS DE TESORERÍA:

1.- Poderanse realizar operacións de crédito a curto prazo, para atender necesidades transitorias de tesourería, sempre que cumpran cos requisitos establecidos nos artigos 51 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sendo necesario respectar o seguinte procedemento:

A.- Declaración da necesidade de cubrir déficits transitorios de tesourería

B.- Informe de intervención

C.- Aprobación polo órgano competente

CAPÍTULO II

Artigo 32.- RECOÑECIMIENTO DE DEREITOS.- CONTABILIZACIÓN

1º.- Cando se teña coñecemento da liquidación de dereitos en favor do Concello de Cerdido, e téñase coñecemento diso, procederase ó recoñecemento deles, mediante os asentos previstos na Instrución de contabilidade.

2º.- Os ingresos que xerados por intereses, rendas e imprevistos contabilizaranse no momento do seu ingreso.

Artigo 33.- RECADACIÓN

1º.- O control da recadación corresponde á Tesourería, que establecerá os mecanismos necesarios para verificar a aplicación da normativa vixente na recadación, así como o reconto de valores en toda índole.

2º.- A Tesourería deberá responder dos dereitos posto ó cobro polo Concello, coidando que se fagan chegar ós obrigados ó pago, e en todo caso de non ser satisfeitos en prazo, remitilos, previos os tramites necesarios á recadación executiva.

3º.- En materia de anulacións, suspensións, aprazamentos e fraccionamento de pagos, aplicarase a normativa establecida no Texto refundido das Lei Xeral Tributaria, así como outras normas de desenrolo.

4º.- Os ingresos por caixa serán controlados pola Tesourería, que dará relación dos mesmos así como dos seus documentos á intervención, como mínimo unha vez ó mes. Os abonos nas contas de

ingreso serán controlados pola tesourería, que dará conta á intervención unha vez ó mes.

Artigo34.- DAS FIANZAS E DEPÓSITOS RECIBIDOS

A fianza e depósitos que se deba constituír en favor do Concello, con independencia do acto que as motive, terán consideración de non orzamentarias.

CAPÍTULO III.- DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS

Artigo 35.-- DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS

1º.- A devolución dos ingresos indebidos e as rectificacións dos erros materiais e de feito no ámbito dos Tributos locais, axustaranse ó disposto na Lei Xeral Tributaria. En defecto da normativa de aplicación, seranlles de aplicación ós prezos públicos, a normativa antes citada.

2º.- Cando da devolución resulte a anulación da liquidación indebidamente practicada, o reintegro practicarase ó orzamento ordinario, minorando o correspondente concepto de ingresos.

3º.- A devolución que resulte dos ingresos erróneos por duplicados ou excesivos, sendo correcta a liquidación, terán carácter de non orzamentario.

TÍTULO V. LIQUIDACIÓN E PECHE DO EXERCICIO

Artigo 36. OPERACIÓNS DE PECHE NO ESTADO DE GASTOS

1º.- Co fin de dar cumprimento ás disposicións legais que establecen o día 31 de decembro como data de peche e liquidación do Presuposto de cada exercicio económico, así como para non interromper a continuidade da xestión presupostaria con ocasión da apertura do novo exercicio contable, nos apartados seguintes establécese o calendario para proceder ao peche gradual do exercicio presupostario.

2. Toda vez que as modificacións presupostarias a aprobación das cales compete ao Pleno da Corporación están suxeitas aos mesmos procedementos de exposición pública e reclamacións que a aprobación do presuposto, durante o mes de decembro non poderán ser aprobados expedientes de modificación presupostaria a competencia da cal radique no referido órgano.

3. As nóminas correspondentes ao mes de decembro e que deban imputarse ao presente exercicio deberán iniciar a súa tramitación antes do día 15 de decembro, polo que calquera acordo que afecte ás retribucións do persoal (incluídas novas contratacións) deberá estar resolto antes da devandita data. As nóminas deberán obrar en Intervención con anterioridade ao día 20 de decembro. Todo acordo ou disposición que implique recoñecemento de haberes ao persoal posterior á devandita data terá efectos económicos no exercicio seguinte.

4. As resolucións ou acordos que impliquen a asunción de gastos non sometidos a intervención previa segundo o disposto no artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, que correspondan a

adquisicións, obras, servizos, prestacións ou gastos en xeral realizados antes da expiración do exercicio presupostario e con cargo aos respectivos créditos, terán como data límite de entrada na Intervención o 20 de xaneiro do exercicio seguinte, sendo esta a data límite para o recoñecemento de obrigas con cargo aos créditos do presuposto corrente, sempre que as obrigas correspondan a gastos realizados antes do 31 de decembro.

5. Os créditos que ao peche do exercicio non queden afectos ao cumprimento de obrigas recoñecidas quedarán anulados de pleno dereito, sen prexuízo de que poidan ser incorporados ao Presuposto seguinte nos casos previstos no artigo 163 da Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e conforme ao procedemento regulado no artigo 12 das presentes Bases.

6. O último día do exercicio en que se poderán satisfacer libramentos de pagamento a terceiros será o día 26 de decembro. Non obstante, a Tesouraría porá especial coidado de non utilización de cheques como medio de pagamento durante todo o mes de decembro.

7. A data límite para realizar pagamentos contra as contas de Anticipos de Caixa Fixa e Pagamentos a Xustificar será o 15 de decembro, debendo obrar na Intervención a xustificación dos gastos realizados antes do día último do ano, tendo en conta que con cargo aos devanditos libramentos unicamente poderán satisfacerse obrigas do exercicio corrente.

Artigo 37.- PROCEDIMIENTO DE REGULARIZACIÓN E AXUSTES CONTABLES

1º.- Cando como consecuencia de traballos de investigación ou recuperación contable de exercicios cerrados e de non orzamentarios, pónase de manifesto a necesidade de realizar operacións de regularización, estes expedientes axustaranse ó seguinte procedemento:

- Proposta motivada e detallada
- Informe de intervención
- Acordo plenario

Artigo 38.- REMANENTES DE TESOURERÍA

1º.- Integran os remanentes de tesourería, a suma dos dereitos pendentes de cobro menos as obrigacións de pago máis os fondos líquidos de tesourería. O remanente de tesourería axustado será fonte de financiamento de modificacións de crédito no exercicio seguinte

2º.- **Terán a consideración de dereitos de difícil recadación** os de antigüidade superior a un exercicio económico, salvo que as garantías do dereito, do debedor o da garantía aportada xustifique a achega, o porcentaxe a aplicar para determinar a imposible ou difícil recadación dos dereitos recoñecidos será o determinado no artigo 193 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que establece o seguinte:

"As Entidades Locais deberán informar o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e ao seu Pleno, ou órgano equivalente, do resultado da aplicación dos criterios determinantes dos dereitos de difícil ou imposible recadación cos seguintes límites mínimos:

a) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos presupostos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, minoraranse, como mínimo, nun 25 por cento.

b) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos presupostos do exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación, minoraranse, como mínimo, nun 50 por cento.

c) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos presupostos dos exercicios cuarto a quinto anteriores ao que corresponde a liquidación, minoraranse, como mínimo, nun 75 por cento.

d) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos presupostos dos restantes exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, minoraranse nun 100 por cento. "

TITULO VI . DA INTERVENCIÓN

Artigo 39. A Función interventora

1.-Ten por obxecto controlar os actos da Entidade Local , calquera que sexa a súa cualificación, que dean lugar ao recoñecemento de dereitos ou á realización de gastos, así como os ingresos e pagos que deles derívense, e o investimento ou aplicación en xeral dos seus fondos públicos, co fin de asegurar que a súa xestión axústese ás disposicións aplicables en cada caso , nos termos previstos no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

2.-As fases da función interventora poden resumirse nos seguintes puntos .

- Fiscalización previa dos actos que recoñexan dereitos de cotido económico , autoricen ou aproben gastos, dispoñan ou comprometan gastos e acorden movementos de fondos e valores.
- A intervención do recoñecemento das obrigacións e intervención da comprobación material do investimento.
- A intervención formal da ordenación do pago.
- A intervención material do pago.

3.-Realizándose a función interventora nas seguintes modalidades:

- Intervención formal: consistirá na verificación do cumprimento dos requisitos legais necesarios para a adopción do acordo mediante o exame de todos os documentos que preceptivamente deban estar incorporados ao expediente.

- Intervención material: consiste en comprobar a real e efectiva aplicación dos fondos públicos

Cando nos procedementos de xestión que dean lugar a actos, documentos e expedientes de contido económico obxecto de control participen distintas Administracións Públicas, a función interventora limitarase ás actuacións que se produzan no ámbito desta Entidade Local.

3. A Intervención exercerá a súa función con plena independencia e poderá solicitar cantos antecedentes considere necesarios, efectuar o exame e comprobación dos libros, contas e documentos que considere precisos, verificar arqueos e recontos e solicitar de quen corresponda, cando a natureza do acto, documento ou expediente que deba ser intervindo o requira, os informes técnicos e asesoramentos que considere necesarios. Dos acordos de contido económico que foran adoptados sen informe da Intervención, non poderá esixirse ó interventor responsabilidade algunha.. O órgano interventor da Entidade Local, no exercicio das súas funcións de control interno, estará sometido aos principios de autonomía funcional, exercicio desconcentrado e procedemento contradictorio.

O órgano interventor da Entidade Local exercerá o control interno con plena autonomía respecto das autoridades e demais entidades cuxa xestión sexa obxecto do control. A tales efectos, os funcionarios que o realicen, terán independencia funcional respecto dos titulares das entidades controladas.

4. Salvo nos casos expresamente taxados nas normas reguladoras da materia, a fiscalización da Intervención ten carácter previo, antes de que se dite a correspondente resolución, polo que o seu exercicio requirirá a remisión ao devandito órgano dos expedientes completos, unha vez reunidos todos os xustificantes e emitidos os informes preceptivos e xusto no momento anterior a que estean en disposición de que se dite acordo por quen corresponda, sendo responsabilidade expresa da oficina xestora o cumprimento do devandito requisito de remisión de expediente para a súa fiscalización e coa antelación necesaria para iso.

5. En todo caso, ao redactar o informe de fiscalización deberá absterse a Intervención de reiterar calquera observación ou comentario respecto das cuestións examinadas nos informes anteriores en relación co mesmo expediente, sempre que se adoptara solución por órgano competente sobre estas, salvo a posible mención destes aspectos como antecedentes para a mellor comprensión do contido do informe.

Artigo 40º. Exercicio da función interventora sobre os dereitos e ingresos.

No caso de que no exercicio da función interventora o órgano interventor manifestácese en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados e a desconformidade refírase ao recoñecemento ou liquidación de dereitos a favor das Entidades Locais ou os seus organismos autónomos, así como á anulación de dereitos, a oposición formalizarase en nota de reparo que en ningún caso suspenderá a tramitación do expediente.

Artigo 41º. Exercicio da función interventora en materia de gastos.

1. Salvo nos actos non sometidos a intervención previa, a fiscalización dos expedientes que poidan dar lugar ao recoñecemento de obrigas de contido económico suxeitarase aos procedementos e normas contidas no presente artigo e no disposto no Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local

2. Aos efectos da práctica da preceptiva fiscalización previa, a Intervención deberá recibir o expediente orixinal completo, para o cal a unidade administrativa que teña o seu cargo a tramitación do expediente, unha vez que se reúnan todos os xustificantes e emitido os informes que fosen precisos de tal maneira que o expediente estea en disposición de que se dite acordo ou resolución por quen corresponda, o pasará ao devandito órgano para o seu exame e fiscalización.

A Intervención fiscalizará o expediente no prazo máximo de dez días a contar dende o seguinte á data de recepción, prazo que se reducirá a cinco días computados de igual forma cando se declare urxente a tramitación do expediente ou se aplique o réxime de fiscalización limitada previa.

Non obstante, cando a Intervención solicite asesoramento xurídico ou os informes técnicos que considere necesarios, así como os antecedentes e documentos necesarios para o exercicio das súas funcións de control interno, suspenderanse os prazos mencionados nos apartados anteriores ata que reciba o devandito asesoramento ou se emitan os informes solicitados.

3. Unha vez recibido o expediente na Intervención, examínase, en primeiro lugar, se o mesmo está completo e en disposición de que unha vez emitido o informe de fiscalización se poida ditar o acordo ou resolución procedente, examinando de xeito especial se se requiriron e obtiveron os informes e asesoramento que, segundo as circunstancias da proposta, haxan de ser previos ao acordo ou resolución que se adopte. De non se cumprir este requisito esencial, a Intervención devolverá o expediente á unidade administrativa encargada da súa tramitación, requiríndoo para que se complete o mesmo a través das facultades que lle confire o artigo 222 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. O devandito requirimento non terá o efecto da fiscalización preceptiva, que non será emitida ata tanto sexa completado o expediente conforme ao que cada normativa esixa.

Non obstante o exposto no parágrafo anterior, poderá solicitarse da Intervención, con carácter previo, a certificación de existencia de crédito para facer fronte aos gastos que puidese ocasionar a tramitación e aprobación de determinados expedientes, sen que a emisión da devandita certificación supoña tampouco o cumprimento da fiscalización preceptiva, que será cumprida unha vez completado o expediente con todos os informes e documentos que o asunto requira.

Unha vez completado o expediente, a Intervención estará en disposición de emitir o informe de fiscalización, o cal, naqueles casos en que se considere que o expediente se axusta á legalidade, poderá consistir en nota de conformidade mediante dilixencia asinada sen necesidade de motivación.

4. A fiscalización da realización de servizos, subministracións, obras e adquisicións consistirá no exame e informe dos documentos xustificativos (intervención documental) e na comprobación, se é o caso, de que o seu importe foi debidamente invertido na obra, servizo ou adquisición de que se trate (intervención material). Este exame será previo cando tales documentos haxan de servir de base para a realización dos pagamentos "en firme" e posterior, cando teña por obxecto acreditar o emprego que se dera ás cantidades libradas co carácter de "a xustificar" ou mediante a utilización de Anticipos de Caixa Fixa.

No procedemento ordinario de execución do gasto a intervención da inversión sitúase no momento inmediatamente anterior ao Recoñecemento da Obriga (Fase O) e, con carácter xeral, terá carácter documental, é dicir, mediante o exame dos documentos xustificativos do gasto (facturas, certificacións, nóminas, etc.), verificándose a súa suficiencia probatoria, a súa regulación formal, a exactitude aritmética e a súa conformidade cos compromisos de gasto aprobados e fiscalizados, no seu caso.

A Intervención procederá á comprobación material da inversión mediante o exame ou inspección física dos bens ou obxectos que fosen adquiridos e/ou executado conforme aos actos administrativos que lles deron orixe, será realizada nos supostos establecidos no artigo 20 do Real Decreto 424/2017 e na Disposición Adicional 3ª da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público. Para estes efectos, os encargados das unidades administrativas aos cales incumba recibir as adquisicións ou obras que deban ser preceptivamente comprobadas, porán en coñecemento da Intervención, con antelación abonda, o lugar, día e hora en que se haxan de verificar as recepcións, para que poidan actuar nelas a funcionaria que co expresado fin deban concorrer a estas. Nos demais casos a comprobación material do gasto correspóndelle o órgano xestor do gasto.

Artigo 42º. Notas de Reparación.

1. Se no exercicio da función interventora a Intervención manifestácese en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus reparos por escrito antes da adopción do acordo ou resolución seguindo o disposto no artigo 12 do Real Decreto 424/2017.

2.-Cando a desconformidade se refira ao Recoñecemento ou Liquidación de Dereitos a favor da Entidade, a oposición manifestada a través de nota de reparo non suspenderá, en ningún caso, a tramitación do expediente

3. Cando o órgano ao que se dirixa o reparo o acepte, deberá emendar as deficiencias observadas e remitir de novo as actuacións á Intervención.

Así mesmo, a Intervención poderá fiscalizar favorablemente expedientes nos que se observen defectos, sempre que os requisitos ou trámites incumplidos non sexan esenciais. Neste suposto, a efectividade da fiscalización favorable quedará condicionada á emenda daqueles defectos con anterioridade á aprobación do expediente, debendo o órgano xestor remitir á Intervención a documentación xustificativa de emendarse os devanditos defectos.

4. A Intervención elevará informe ao Pleno, con ocasión da dación de conta da liquidación do

Presuposto , de todas as resolucións adoptadas polo Alcaldía contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos, de conformidade ao establecido no artigo 15 do Real Decreto 424/2017.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA: Co gallo de fixar a cota de amortización dos bens municipais utilizarase os criterios e valor asignados polo acordo do Pleno reunido o día trinta de abril de 2007 e en caso de ausencia de identidade do ben utilizarase os criterios establecidos na Resolución do 14 de decembro de 1999 do IGAE (BOE 21/12/99)

SEGUNDA: Corresponde á Alcaldía, a competencia para a selección do persoal laboral sempre que exista crédito para tal fin. En todo caso nomearase un órgano seleccionador e seguiranse as normas establecidas que o regule. En caso de contratacións derivadas dalgún programa subvencionada por achegas doutras administracións publicas, poderase xerar crédito en partidas de persoal, sen que exista praza vacante na cadro de persoal. Así mesmo crearase unha bolsa de emprego entre aquelas persoas presentadas ás seleccións de persoal convocados polo Concello, para cubrir posibles baixas de persoal, e con carácter excepcional polo tempo imprescindible para cubrir os postos vacantes de cadro de persoal sempre que así se recolla nas bases de selección .

TERCERA : En cumprimento do disposto no artigo 27 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostemento financeiro a Alcaldía a través dun decreto aprobará antes do día 15 de setembro as liñas fundamentais que conterán os presuposto do seguinte ano, para que se poda remitir antes do día 1 de outubro o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do disposto na Orde HAP 7 105/2012, do 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información prevista na Lei orgánica 2/2012

DISPOSICIÓN FINAIS

PRIMEIRA .A Alcaldía , é o órgano competente para as interpretacións das presentes bases, previo informe da persoa titular da Secretaria - Intervención.



Concello de Cerdido
As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



MEMORIA DA ALCALDÍA

O presuposto municipal para o ano 2023 ascende a 1.256.512,28 euros.

Dende esta alcaldía, decidiuse un ano máis conxelar tódalas taxas e impostos directos, indirectos facendo un novo esforzo no presuposto municipal para que non repercuta na economía dos veciños e veciñas de Cerdido.

Un ano máis o concello fai un gran esforzo en Servizos Sociais continuando co noso compromiso por manter o servizo durante os 365 días do ano para as persoas máis vulnerable. A nosa aposta continúa sendo non ter xente dependente na lista de espera ou polo menos reducila ao mínimo posible. A pesar de que o servizo é unha competencia impropia, que lle correspondería á Xunta de Galicia e ao Estado, este concello está disposto a facer un esforzo económico pola mellora do servizo tan necesario para os nosos veciños e veciñas dependentes, conscientes de que en ningún caso se trata dun luxo senón unha necesidade entre a nosa poboación.

Comparativo Presuposto inicial anualidade 2012-2020		Importe	Baixada/subida porcentual
Anualidade 2015	Anualidade 2016	+107.800,00 €	+10,33%
1.043.200,00 €	1.151.000,00 €		
Anualidade 2016	Anualidade 2017	+ 123.285,00 €	+10,71%
1.151.000,00 €	1.274.285,00 €		
Anualidade 2017	Anualidade 2018	- 84.938,00 €	-6,6 %
1.274.285,00 €	1.189.347,00 €		
Anualidade 2018	Anualidade 2019	+ 31.782,23 €	+ 2,60 %
1.189.347,00 €	1.221.129,23 €		
Anualidade 2019	Anualidade 2020	- 2.469,23 €	- 0,20 %
1.221.129,23 €	1.218.660,00 €		
Anualidade 2020	Anualidade 2021	+117.160,00 €	+9,61%
1.218.660,00 €	1.335.820,00 €		
Anualidade 2022	Anualidade 2023	-79.507,72 €	-6,32%
Prorrogado de 2021 €	1.256.512,28 €		

O apartado de ingresos calculouse tendo en conta o recadado no exercicio do 2022 na data da elaboración deste presuposto. Asi como transferencias correntes doutras administración confirmadas ou en vía de tramitación que, neste último caso, financian gastos e servizos que se veñen desempeñando ano tras ano e cuxa percepción tamén se percibe anualmente (SAF e financiamento dos servizos sociais municipais e animadora cultural).

Resume orzamento 2023 por capítulos

ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE INGRESOS		
Cap.	Denominación	Euros	Cap.	Denominación	Euros
1	Gastos de persoal	568.090,30	1	Impostos directos	218.000,00
2	Gastos en bens correntes	479.900,00	2	Impostos indirectos	15.000,00
3	Gastos financeiros	2.000,00	3	Taxas e outros ingresos	134.500,00
4	Transferencias correntes	36.920,00	4	Transferencias correntes	746.945,30
			5	Ingresos patrimoniais	13.665,00
6	Investimentos reais	169.101,98	6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	500,00	7	Transferencias de capital	128.401,98
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	Suma	1.256.512,28		Suma	1.256.512,28

Respecto o apartado de gastos destacamos:

- 1) Gastos de persoal: Orzaméntanse os incrementos aprobados por LXPE para o persoal. Non se contemplan os custos do PEL, que, no caso de concederse, se incorporarán ao orzamento vía modificación.
- 2) Investimentos reais: dominúese este capítulo respecto ao último orzamento aprobado (2021). Non se contemplan subvencións que se agardan sexan concedidas como Agader 2023 por non coñecer o importe. Ésta, como outros investimentos previstos ou que xa se están a executar incrementarán o orzamento vía modificación orzamentaria.
- 3) Mantense a política de subvencións dos últimos anos con pequenos incrementos que se reflexan no orzamento de gastos e na regulación das subvencións nominativas das bases de execución.

Creo firmemente que estes presupostos municipais seguen encamiñados na mellora dos servizos públicos municipais, o benestar social en tódolos seus ámbitos, en xerar unha riqueza social e económica os veciños e veciñas de Cerdido e todo isto coa conxelación un ano máis dos impostos municipais e taxas.

Cerdido, 13 de marzo de 2023

O alcalde,

Benigno Galego Castro